




| | | |
|---|---------------------------|--|
| Área / Unidad COMERCIO MPT | Documento 510151CD7 | |
| Código de verificación  1P2K 2U53 4N5E 1C6I 0UED | Expediente 510/2021/27 | |
| | Fecha 18-08-2021 | |
| Asunto Bases reguladoras de utilización de los Bonos Presco (Galego) | Interesado | |

BASES REGULADORAS DA UTILIZACIÓN DOS BONOS PRESCO 2021, DENTRO DO PLAN DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL DA CORUÑA (REF. 61202103)

A Concellería de comercio, mercados, consumo e barrios, no marco do Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña (PRESCO) para facer fronte á crise causada pola COVID-19, vai proceder á convocatoria de concesión de axudas económicas dirixidas a propiciar o fortalecemento dos sectores comercial, hostaleiro, cultural, do taxi, barberías e outros tratamentos de beleza, estimulando a demanda e reducindo o impacto económico negativo derivado do cesamento e das restricións da actividade comercial, como consecuencia da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

A axuda farase efectiva a través dos Bonos Presco, que poderán ser utilizados nos establecementos e actividades do sectores mencionados no paragrafo anterior, radicados na cidade da Coruña.

Os usuarios e usuarias dos citados Bonos Presco serán as persoas físicas maiores de idade que son parte activa, fundamental e imprescindible para levar a cabo esta campaña de dinamización e reactivación económica de estes sectores produtivos de proximidade.

O comercio tradicional, a hostalería, a cultura, os taxis e as barberías e outros tratamentos de beleza están sometidos a un profundo proceso de cambio que exige realizar un esforzo de renovación e adaptación continuo. Por outra banda, a crise causada pola COVID-19 e o estado de alarma declarado a través do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, e o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, afectou todos os sectores e, entre eles, de forma moi significativa os anteriormente mencionados.

A axuda farase efectiva a través dos Bonos Presco que poderán ser utilizados nos establecementos comerciais, hostaleiros, cultural, nos taxis, barberías e outros tratamentos de beleza que están adheridos ao Programa.

Os usuarios dos citados Bonos Presco serán as persoas físicas maiores de idade que realicen consuman o utilicen un servizo nos sectores antes mencionados; os consumidores e as consumidoras serán parte activa e fundamental para levar a cabo esta campaña de dinamización e reactivación económica destes sectores produtivos. Ademais, esta actuación é sensible á situación económica derivada da crise sanitaria e dá lugar a que numerosas persoas poidan beneficiarse destas axudas.

A teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuídas a Concellería de comercio, mercados, consumo e barrios, no marco do Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña (PRESCO) para facer fronte á crise causada pola COVID-19, e no exercicio das súas atribucións,



DISPÕNE

Artigo 1. Convocatoria e bases reguladoras

A presente convocatoria ten por obxecto aprobar as bases reguladoras dos Bonos Presco para o exercicio 2021, dentro do Plan de Reactivación Económica e Social da Coruña, dirixidas a propiciar o fortalecemento dos sectores comercial, hostaleiro, cultural, do taxi, barberías e outros tratamentos de beleza, dentro do Programa de Reactivación Económica e Social do Concello da Coruña, a través dos Bonos Presco 2021.

Artigo 2. Obxectivos

O obxectivo do programa e o fortalecemento dos sectores comercial, hostaleiro, cultural, do taxi, barberías e outros tratamentos de beleza, estimulando a demanda e reducindo o impacto económico negativo derivado do cesamento e das restricións da actividade comercial, como consecuencia da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. A través dos Bonos Presco.

Artigo 3. Orzamento

Para a concesión destas axudas destinaranse 985.000,00 € dispoñibles no orzamento en vigor para o 2021 co seguinte desglose:

| Aplicación | Importe |
|---------------|---------------------|
| 61.430.479.01 | 750.000,00 € |
| 50.334.479.01 | 235.000,00 € |
| Total | 985.000,00 € |

Esta cantidade poderase incrementar en función da evolución do programa Bonos Presco co obxecto de aumentar o número de persoas beneficiarias e de acordo coa dispoñibilidade de crédito, cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, ou da existencia de importes sobrantes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas similares.

O aumento do crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Artigo 4. Entidade colaboradora

A entrega e distribución dos fondos das axudas farase coa entidade colaboradora seleccionada ao abeiro da Convocatoria específica do procedemento de concorrencia para a selección dunha entidade colaboradora para a xestión, entrega e distribución dos fondos correspondente ás axudas a dinamización económica e comercial da Coruña, mediante os Bonos Presco, publicada no BOP 147 do 05.08.2021

Artigo 5. Actividade subvencionable e principios aplicables



Polas presentes bases promocionase a venda de bens, consumicións ou prestación de servizos a través dos Bonos Presco que poderán ser utilizados nos establecementos e actividades comerciais, hostaleiras, culturais, nos taxis, barberías e outros tratamentos de beleza que estean adheridos ao Programa.

A xestión dos fondos públicos asignados ao programa Bonos Presco levarase a cabo de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 6. Persoas beneficiarias e usuarias dos bonos Presco

As persoas beneficiarias serán os operadores económicos (persoas físicas ou xurídicas) dos sectores adheridos ao programa segundo os requirimentos descritos nas no convenio regulador coa entidade colaboradora e nas bases da convocatoria destas axudas.

As persoas usuarias dos Bonos Presco serán as persoas físicas maiores de idade, parte activa, fundamental e imprescindible para levar a cabo esta campaña de dinamización e reactivación económica de estes sectores produtivos de proximidade.

Artigo 7. Alta e requisitos dos establecementos e negocios para a adhesión ao programa

1. Os establecementos e negocios que desexen adherirse ao programa de Bonos Presco 2021, empregarán a aplicación tecnolóxica habilitada pola entidade colaboradora para o efecto e deberán rexistrar a seguinte información;:

- Nome e apelidos/nome fiscal.
- Domicilio fiscal en Galicia.
- NIF/CIF.
- Nome, apelidos e DNI do representante.
- Nome comercial.
- Dirección do establecemento comercial.
- Número de teléfono móbil.
- Correo electrónico.
- IAE principal. Data de alta da actividade principal.
- CNAE
- IBAN da conta bancaria.
- Páxina web do establecemento comercial.



2. O prazo para adherirse ao programa será desde o 6 de setembro de 2021 ata a finalización da execución do programa dos bonos.

3. Poderán adherirse ao programa de Bonos Presco os establecementos que cumpran, ademais, os seguintes requisitos:

a) Que dispoñan de establecemento permanente ou licenza de taxi en A Coruña e que reúnan as condicións legalmente establecidas para o exercicio da súa actividade. No caso das actividades acollidas ao bono cultura que non dispoñan de establecemento permanente, estas deberán ter o seu domicilio fiscal na cidade da Coruña.

b) Que sexan persoas empresarias autónomas ou pequenas e medianas empresas de conformidade co previsto no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño. ⁽¹⁾

c) Estar ao corrente co cumprimento das obrigas coa Axencia estatal de Administración Tributaria (AEAT) coa Seguridade Social e co Concello da Coruña, o cal se acreditará mediante declaración responsable cando non supere o importe das axudas os 3.000,00 €, de conformidade co previsto nos artigos 22 e 24 do Regulamento xeral de subvencións. Cando o importe das axudas supere esta cantidade, se deberá achegar polos operadores económicos certificación acreditativa de estar ao corrente coas indicadas administración, que deberá custodiar a entidade colaboradora para calquera actuación de control e verificación de datos.

(1) Para a definición de micro empresas e pequenas empresas terase en conta o establecido no Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, así como a definición contida no Real Decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas e os criterios contables específicos para micro empresas. Estes criterios entenderanse cumpridos por empresas que durante dous exercicios consecutivos reúnan, á data de peche de cada un deles, polo menos dúas das seguintes circunstancias:

a) Que o total das partidas do activo non supere o millón de euros.

b) Que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os dous millóns de euros.

c) Que o número medio de traballadores empregados durante o exercicio non sexa superior a dez.

4. Quedan expresamente excluídos os entes públicos, as asociacións, fundacións, entidades sen ánimo de lucro, e aquelas empresas que formen parte dun grupo empresarial nos termos regulados no artigo 42 do Código de Comercio. Tampouco poderán participar os operadores económicos que non cumpran coas condicións do punto anterior nin coa forma establecida nesta convocatoria.

5. O alta e o uso da aplicación polos operadores económicos suporá a aceptación das condicións e deberes do programa e da política de privacidade, conforme o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que será informado convenientemente.

Para estes efectos, os operadores económicos deberán asinar dixitalmente unha declaración responsable manifestando o cumprimento das condicións establecidas e a veracidade dos datos indicados, así como declarar responsablemente que están ao día do cumprimento das obrigas coa Axencia estatal de Administración Tributaria (AEAT) coa Seguridade Social e co Concello da Coruña.

6. Cada operador económico poderá darse da alta unicamente nunha das modalidades dos bonos, atendendo a súa actividade económica, e segundo a clasificación que se indica no Anexo. Non serán tidas en conta as solicitudes dos operadores que xa estean de alta noutra tipoloxía de bonos.



7. O sistema establecido estará habilitado de tal forma que permita ao Concello da Coruña bloquear ou dar de baixa altas na aplicación, por causas xustificadas.

8. O nome comercial e localización dos establecementos adheridos ao programa Bonos Presco farase público na APP/web que habilite a entidade colaboradora, así como na web www.presco.gal

Artigo 9. Alta e requisitos das persoas usuarias

1. A entidade colaboradora habilitará as aplicacións informáticas tecnicamente máis idóneas, para dar de alta ás persoas usuarias dos Bonos Presco, e identificará respecto de cada un deles a seguinte información:

- Nome e apelidos.
- Localidade de residencia (código postal).
- Maioría de idade.
- DNI.
- Número de teléfono móbil.
- Correo electrónico.

O uso da aplicación e a descarga do bono polo usuario suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade, conforme o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que será informado convenientemente.

Para estes efectos, por medio dunha declaración responsable o usuario deberá manifestar, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na convocatoria e que os datos indicados son certos. Así mesmo, deberán constar as autorizacións correspondentes en materia de protección de datos persoais nos termos que se establezan na presente convocatoria do programa.

Artigo 10. Sistema de funcionamento dos bonos

1. A descarga dos bonos por parte do usuario será mediante a descarga da app/web do usuario facilitada pola entidade colaboradora á que se poderá acceder a través da web: www.presco.gal. O bono terá formato dixital a través dun código QR e estará dispoñible para a súa utilización a través de aplicacións de descarga gratuita tipo Wallet ou similares. Opcionalmente, o bono poderase solicitar presencialmente nas oficinas que determine o Concello para obter un documento en papel do código QR dos Bonos Presco.

A persoa interesada, ou o seu representante, poderá autorizar expresamente nas oficinas da entidade colaboradora para a solicitude e obtención do bono en formato papel. Neste suposto deberase acreditar a representación expresa por calquera medio válido en dereito que deixe constancia desta circunstancia.

2. Para trocar os bonos e poder facer efectivos os descontos ás persoas usuarias, os operadores económicos terán que empregar a plataforma tecnolóxica subministrada pola entidade colaboradora.

3. No momento da transacción deberán quedar rexistrados o importe e concepto da compra, a identificación do bono e o importe descontado. De igual xeito, con cada venda ou prestación de servizo, achegarase á aplicación, debidamente habilitada ao efecto, imaxe da factura simplificada ou



ticket xerado vinculada a acción de compra realizada, sen prexuízo da obriga dos operadores económicos da garda das facturas ou tickets orixinais para o seu control financeiro ou control por mostraxe. De non ser posible esta habilitación técnica, a entidade colaboradora disporá unha dirección electrónica para a recepción das facturas ou tickets que deberán presentar os operadores económicos adheridos, sen prexuízo da habilitación dalgunha oficina na cidade para a mesma fin.

A entidade colaboradora deberá librar semanalmente o importe dos bonos trocados, previa presentación por parte dos operadores económicos adheridos das facturas simplificadas ou medios probatorios equivalentes polas canles que esta poña a disposición daqueles. O pagamento, ademais dos requisitos fiscais esixidos normativamente, reflectirán as operacións realizadas con desagregación dos importes efectivamente abonados e os descontos obtidos tras a presentación dos bonos por parte das persoas usuarias.

En consecuencia, as facturas e/ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil deberán ser emitidas polos beneficiarios dentro do período de execución do programa.

Pola súa banda, o usuario deberá mostrar o seu bono en formato código QR e pagar, en efectivo ou con tarxeta, o importe final da compra realizada

Artigo 11. Obrigas dos establecementos e actividades adheridas ao programa

Os operadores económicos adheridos ao programa Bonos Presco adquirirán, a través da solicitude de adherencia, as seguintes obrigas:

- a) Cumprir coas medidas de prevención de riscos sanitarios e laborais fronte á COVID-19.
- b) Anunciar no exterior do establecemento, nun lugar visible, a adhesión ao programa mediante a colocación dos correspondentes materiais publicitarios coa imaxe corporativa do programa Bonos Presco.
- b) Facer o desconto directo do bono no ticket ou factura de compra emitido e remitir a factura ou documento equivalente á entidade colaboradora, no prazo máximo dun mes desde a aplicación dos bonos e en todo caso nos 15 días naturais posteriores á finalización da vixencia do programa dos bonos Presco. Transcorrido este prazo, non se admitirán solicitudes de compensación de bonos trocados.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación e vixilancia necesarias por parte da entidade colaboradora, o Concello da Coruña ou empresas auditoras que se poidan contratar, para verificar o adecuado funcionamento e xestión dos bonos e do programa en xeral.
- d) Conservar todos os tickets de compra ou facturas xustificativas da aplicación dos bonos, en tanto podan ser obxecto de comprobación e control por parte da entidade colaboradora, o Concello da Coruña ou empresas auditoras que se poidan contratar.
- e) Custodiar con dilixencia as claves de acceso á plataforma co fin de evitar o seu uso indebido, comprometéndose a non facilitarllas a outras persoas ou establecementos.
- f) Atoparse ao día do cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Seguridade Social e co Concello da Coruña. Ata os primeiros 3.000 € de bonos trocados esta circunstancia poderase acreditar mediante declaración responsable. Cando o importe supere os 3.000 € de bonos trocados, deberanse achegar os certificados acreditativos correspondentes, que deberán ser remitidos á entidade colaboradora e custodiados por ésta.



Artigo 12. Condicións de uso dos bonos

1. Cada persoa beneficiaria disporá de ata un máximo de 5 bonos que poderá ser usado nos operadores económicos adheridos ao programa.

O período de validez dos bonos axustarase ao período de vixencia do programa de bonos Presco 2021 previsto, desde o día 15 setembro ata o 30 de novembro de 2021, salvo esgotamento previo do seu saldo. Se o Concello decidise ampliar o a vixencia do programa de bonos máis alá do 30 de novembro, o prazo de execución quedará automaticamente prorrogado no tempo equivalente a esa extensión temporal que se aprobe no convenio coa entidade colaboradora para a xestión.

Cada bono terá a consideración de bono desconto para as compras, consumos ou servizos nos establecementos ou actividades adheridos, tendo en conta a clasificación de actividades do Anexo e segundo a seguinte desagregación:

| Bono | Destino | Dotación | Desconto |
|------------------------------------|--|-----------------|---|
| Bono 10 Comercio | Pequeno comercio de proximidade e resto de actividades non incluídas especificamente noutros sectores. | 400.000 euros | Desconto de 10 euros por cada 30 euros de compra, ata un máximo de 30 euros por persoa usuaria. |
| Bono Hostalería | Hostalería de proximidade | 200.000 euros | Desconto do 40% desde 10 euros de consumo ata un máximo de 15 euros por persoa usuaria. |
| Bono Salóns de Peiteado e Estética | Salóns de peiteado, barberías e centros de estética | 100.000 euros | Descontos do 30% desde 20 euros de compra ata un máximo de 20 euros por persoa usuaria. |
| Bono Mobilidade (Taxi) | Colectivo do taxi | 50.000 euros. | Descontos do 30% desde seis euros de compra cun máximo de 10 euros por persoa usuaria. |
| Bono Cultura | Industria cultural | 235.000 euros | Descontos do 30% desde 10 euros de compra. Ata 60 euros por persoa usuaria. |

Todas estas contías enténdense co IVE engadido.

4. A través da plataforma tecnolóxica do programa facilitada pola entidade colaboradora, os operadores económicos adheridos terán á súa disposición a información necesaria e poderán consultar o histórico das vendas, os bonos xa trocados, os aboamentos feitos pola entidade colaboradora e os demais detalles de cada operación.

5. O importe máximo de bonos que poderá trocar cada establecemento ou actividade adherida é de 5.000,00 € (IVE incluído).



6. En caso de devolución do ben ou bens comprados, o importe da compra poderá ser trocado por outra compra de prezo igual ou superior ou por un vale sen caducidade polo importe correspondente. O comerciante non poderá aboar ao consumidor, en ningún caso, diñeiro en efectivo ou na tarxeta de crédito.

7. Non será aplicable o emprego dos bonos para as compras en liña nin serán compatibles con outro tipo de bonos promovidos por outras administracións públicas para as mesmas compras ou servizos.

8. Mediante acordo da Xunta de Goberno Local poderase modificar o importe máximo de bonos que poderá trocar cada establecemento ou actividade, do cal se dará oportuna publicidade.

Artigo 13. Xustificación e inspección

O Concello da Coruña, como responsable do programa, reserva para si o dereito de realizar a posteriori e de forma aleatoria cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control xulgue oportunas para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución do programa Bonos Presco.

No suposto de que exista algún incumprimento por parte dos establecementos ou actividades adheridas, a Concellería de comercio, mercados, consumo e barrios poderá cancelar a súa adhesión ao programa. Neste caso, comunicará a dita circunstancia á entidade colaboradora co fin de impedir o troco e pagamento dos bonos ou solicitará, se é o caso, o reintegro dos fondos percibidos.

Os establecementos e actividades adheridos ao programa Bonos Presco están obrigados a facilitar canta información lles sexa requirida pola Concellería de comercio, mercados, consumo e barrios e os restantes órganos competentes no exercicio das súas funcións de control do destino das axudas.

Artigo 14. Información básica en materia de protección de datos persoais

1. A entidade colaboradora, como encargada do tratamento dos datos, ten encomendada o labor de recollida, rexistro e almacenamento dos datos persoais necesarios para a tramitación dos Bonos Presco segundo as directrices establecidas por o Concello da Coruña, e garante expresamente, respecto dos datos de carácter persoal que se traten durante a xestión dos devanditos bonos:

- Que adoptará as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a súa conservación e seguridade e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.
- Que non os comunicará a terceiras persoas.
- Que gardará o secreto profesional respecto destes.
- Que os utilizará única e exclusivamente para os efectos previstos neste convenio.

As obrigas anteriormente citadas non exclúen nin contraveñen os deberes que se citarán como condición de encargado do tratamento.

2. Deber de información ás persoas usuarias do programa Bonos Presco 2021

Para os efectos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e de Consello do 27 de abril de 2016 (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos



dixitais, infórmase os usuarios e operadores económicos adheridos ao programa de Bonos Presco nos seguintes termos:

- Os datos persoais facilitados serán tratados polo Concello da Coruña, en calidade de Responsable do Tratamento, co remate de levar a cabo a xestión administrativa para adherirse ao programa de Bonos Presco mediante a presente declaración responsable.
- A base xurídica de lexitimación para o tratamento dos datos persoais radica no exercicio dos poderes públicos ou competencias conferidos e, na relación existente entre os usuarios e o Concello.
- Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron, e segundo a base xurídica do tratamento dos datos de conformidade coas obrigas legais, así como para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. Con todo, os datos poderán ser conservados, no seu caso, co fin de arquivo de interese público, remates de investigación científica e histórica ou remates estatísticos.
- Os datos non serán cedidos a terceiros, agás que sexan comunicados ás entidades públicas ou privadas, ás cales sexa necesario ou obrigatorio ceder estes para poder xestionar a súa solicitude, así como nos supostos previstos, segundo Lei.

Poderá exercitarse os dereitos de Acceso, Rectificación, Supresión, Limitación ou, no seu caso, Oposición. A estes efectos, deberá presentar un escrito no Rexistro de Entrada do Concello, na Praza de María Pita 1. 15001 A Coruña (España), ou, no seu caso, ao Delegado de Protección de Datos delegadodeprotecciondedatos@coruna.gal

No escrito deberase especificar cal destes dereitos solicita sexa satisfeito e, á súa vez, deberá mostrar ou, en caso de envío postal, acompañar a fotocopia do DNI ou documento identificativo equivalente. No caso de que actuase mediante representante, legal ou voluntario, deberá achegar tamén documento que acredite a representación e documento identificativo do mesmo.

Así mesmo, en caso de considerar vulnerados os dereitos á protección de datos persoais, poderase interpoñer unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

3. Encargado do tratamento

O Concello da Coruña ten a condición de responsable do tratamento de datos persoais e a entidade colaboradora ten a condición de encargada do tratamento; a entidade colaboradora comprométese ás seguintes condicións:

- Tratar por conta do Concello da Coruña os datos de carácter persoal necesarios para a xestión dos Bonos Presco. A tipoloxía de datos tratados e as categorías de interesados serán unicamente os recollidos nesta convocatoria. O tratamento poderá consistir na recollida, rexistro, conservación, consulta, supresión e destrución da información.
- Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto do encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios; neste suposto, será considerada como responsable do tratamento.
- Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RXP, a LOPDGDD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos, informará inmediatamente o responsable.
- Levar por escrito, cando cumpra segundo o artigo 30 do RXP, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.



- Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.

Artigo 15. Transparencia e bo goberno

Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro de transparencia, acceso a información pública e bo goberno do Estado.

De conformidade co artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as subvencións e axudas públicas concedidas con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e a entidade/persoa beneficiaria serán obxecto de publicación no Portal da Transparencia do Concello da Coruña <http://www.coruna.gal/transparencia/es/claridad-en-a-xestión/subvenciones-e-axudas>

Por ese motivo, a entidade colaboradora queda suxeita así mesmo a fornecer de forma periódica, actualizada, clara, veraz, obxectiva e accesible a información relevante para garantir a transparencia, facilitar o control cidadán da actuación pública e fomentar a participación, previo requirimento da administración municipal, para garantir o deber de publicidade activa do Concello da Coruña cumprindo coas esixencias da Lei 19/2013.

Artigo 16. Información

Poderase obter información adicional a través da web, www.presco.gal.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral do Concello da Coruña 010.

Artigo 17. Habilitación para o desenvolvemento

Facúltase a persoa titular da Concellería de comercio, mercados, consumo e barrios para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento e aplicación destas bases.

ANEXO

| Bono | Epígrafes IAE admitidos |
|------------------------------------|--|
| Bono 10 Comercio | Pequeno comercio de proximidade e resto de actividades non incluídas especificamente noutros sectores. |
| Bono Hostalería | - Agrupación 67: servizo de alimentación - Agrupación 68: servizo de hospedaxe |
| Bono Salóns de Peiteado e Estética | Grupo 972 |
| Bono Mobilidade (Taxi) | Epígrafe 721.2 |
| Bono Cultura | - Epígrafe 476.1, edición de libros. - Epígrafe 476.2, edición de periódicos e revistas. - Grupo 657 Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios |



| | |
|--|---|
| | <ul style="list-style-type: none">- Epígrafe 659.1 Comercio polo miúdo de selos, moedas, medallas conmemorativas, billetes para coleccionistas, obras de arte e antigüidades, minerais soltos ou en coleccións, fósiles, insectos, cunchas, plantas e animais desecados.- Epígrafe 659.4 Comercio polo miúdo de libros.- Epígrafe 961.2 Doblaje, sincronización y montaje de películas o cintas cinematográficas (incluso vídeos) sempre que no se efectúe por la propia empresa productora- Epígrafe 961.1 Producción de películas cinematográficas (incluso vídeos).- Epígrafe 961.3 Decoraciones escénicas para películas o cintas cinematográficas sempre que no se efectúe por la empresa productora.- Epígrafe 962.1 Distribución e venda de películas cinematográficas.- Epígrafe 963.1 Exhibición de películas e vídeos.- Epígrafe 963.1 Exhibición de películas e vídeos ao aire libre.- Epígrafe 963.1 Exhibición de películas e vídeos fóra de establecemento permanente.- Epígrafe 965.1 Espectáculos en salas e locais.- Epígrafe 965.2 Espectáculos en salas e locais ao aire libre.- Epígrafe 965.3 Espectáculos en salas e locais fóra de establecemento permanente.- Epígrafe 965.4 Empresas de espectáculos.- Epígrafe 966.1 Bibliotecas e museos.- Epígrafe 966.9 Outros servizos culturais N.C.O.P.- Epígrafe 969.1 Salas de baile e discotecas.- Epígrafe 973.1 Servizos fotográficos.- Grupo 983 Axencias de colocación de artistas.- Epígrafe 989.1 Expedición de billetes de espectáculos públicos.- Grupo 865 Representantes técnicos do espectáculo.- Grupo 853 Axentes de colocación de artistas.- Grupo 861 Persoas pintoras, escultoras, ceramistas, artesás, gravadoras e artistas similares.- Grupo 862 Restauradoras de obras de arte.- Grupo 882 Guías de turismo.- Grupo 883 Guías e intérpretes de turismo.- Grupo 013 Actores/actrices de cinema e teatro.- Grupo 014 Extras especializados, dobres, comparsas e meritorios.- Grupo 016 Humoristas, caricatos, excéntricos-as, charlistas, recitadores-as, ilusionistas, etc.- Grupo 018 Artistas de circo.- Grupo 019 Outras actividades relacionadas co cinema, o teatro, o circo non comprendidas noutras partes -N.C.O.P.-- Grupo 022 Bailaríns e bailarinas.- Grupo 029 Outras actividades relacionadas co baile N.C.O.P.- Grupo 031 Mestres-as e directores-as de música.- Grupo 032 Intérpretes de instrumentos musicais.- Grupo 033 Cantantes.- Grupo 039 Outras actividades relacionadas coa música N.C.O.P |
|--|---|

A Coruña, na data da sinatura electrónica do documento